


## PASOS PARA SUBIR TAREFAS Á AULA VIRTUAL.

Primeiro debes saber que todo o que apareza con esta icona  son tarefas para entregar. Teñen unha data límite e poden ser avaliadas.


1. Debes clicar no enlace da tarefa.



**VOLVEREMOS SOÑAR!**

Agora que temos todos usuario para entrar na Aula Virtual podédeme subir o traballo aquí. Tedes que clicar abaixo onde pon "ENGADIR ENTREGA" Moito ánimo rapaces!!

2. Ao final da descrición da tarefa apareceráche esta pantalla, debes clicar en "ENGADIR ENTREGA".



Estado da entrega	
Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Martes, 7 de Abril do 2020, 00:00
Tempo restante	4 días 23 horas


**Engadir entrega**

Facédlle cambios á súa entrega

3. Verás esta pantalla na que debes clicar onde se indica.



4. Despois de clicar onde se indica anteriormente, debes darlle a "EXAMINAR". Aí dache acceso ás carpetas do teu ordenador onde terás gardado o traballo. Elixes o teu traballo e por último "ENVIAR ESTE FICHEIRO".



5. Para finalizar clicas en "GUARDAR CAMBIOS" e listo! Xa está subido o teu traballo á Aula Virtual.